

XOSÉ M. MASA VÁZQUEZ

Topoloxía Xeral

Introducción aos espacios
euclidianos, métricos
e topolóxicos



MANUAIS
UNIVERSITARIOS



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
publicacíons

Topoloxía Xeral

Introducción aos espacios
euclidianos, métricos e topolóxicos

Manuais Universitarios
nºm. 1

Xosé M. Masa Vázquez

Topoloxía Xeral

**Introducción aos espacios
euclidianos, métricos e topolóxicos**

1999

Universidade de Santiago de Compostela

MASA VÁZQUEZ, Xosé M.

Topoloxía xeral : Introducción aos espacios euclidianos, métricos e topolóxicos. – Santiago de Compostela : Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1999. – X, 269 p. ; 24 cm. – (Manuais Universitarios ; 1). – Bibliogr.: 259-260. – Índices. – D.L. C-685 / 1999. – ISBN 84-8121-753-0.

1. Topoloxía I. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, ed. II Serie

515.12

©Universidade de Santiago de Compostela, 1999

Deseño de cuberta: Alejandro Vidal

Edita

Servicio de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela
Campus universitario sur

Imprime

Imprenta Universitaria
Campus universitario sur

ISBN 84-8121-753-0

Dep. Legal: C-685/99

Limiar

O libro que tes nas mans principiou co propósito de ser un manual universitario. Como tal foise encarnando ao redor das notas de clase que sobre a materia impartiou o autor nos últimos tres ou catro anos. Pretende abranguer o que puidera aceptarse como *curriculum* básico en topoloxía xeral nunha licenciatura de matemáticas, cubrindo as necesidades da Análise Matemática e da Xeometría. Como esforzo obxectivizador en tal sentido, o seu contido aproxímase aos estudos obligatorios de topoloxía na licenciatura de matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

Trátase, pois, dun libro de texto, un libro que quer ser didáctico e elemental. Pero, ao tempo, pretende ofrecer respuestas ou orientacións a moi diversas cuestións que, motivadas pola propia lectura do texto ou por outros estudos de licenciatura, os seus e as súas lectoras se puideran facer. Quere ser, ao seu nivel, unha obra de referencia sobre topoloxía convxuntista.

A vontade de se manter a un nivel elemental obriga a prescindir dalgúns conceptos, técnicas e resultados. Non se trata, en particular, a topoloxía de produtos dunha infinidade de espacios, cuestión alonxada da intuición do producto finito e que agocha profundas implicacións lóxicas. Aínda que, coa linguaxe apropiada, estúdiase algúin dos principais exemplos de producto enumerábel.

Na dirección contraria, o afán de servir de obra de referencia levou a incluír máis materia da que razoablemente se poida cursar nunha licenciatura, obrigando en cada caso a certas escollas, en función da orientación desexada, máis xeométrica ou máis analítica, ou dos gostos ou preferencias de cada quen.

O libro comeza cun capítulo de preliminares de contido e intención diversos. Así, mentres as seccións relativas a conxuntos e funcións non pasan de ser un glosario de propiedades e notacións empregadas, para referencia interna, o tratamento dado á cuestión de numerabilidade pretende servir de introducción ao tema. Xeometría analítica elemental, álgebra linear e cálculo nunha variábel son outros prerrequisitos.

A pesar de que tal escolla conleva certa reiteración expositiva, a primeira parte está adicada á topoloxía dos espacios euclidianos. Ademais de constituir unha ferramenta imprescindíbel para calquera curso de Análise, é a forma máis concreta e intuitiva de abordar o estudio da topoloxía convxuntista, unha das partes más formais e abstractas da matemática, que, por tal motivo, resulta

con frecuencia árida. No tratamento dado, faise uso preferente do concepto de punto de acumulación e da converxencia de sucesións.

Na segunda parte invértese parcialmente o método, e espacios métricos e espacios topolóxicos abstractos estúdianse á par, co conseguinte aforro de tempo, abordando con amplitude as peculiaridades daqueles. En todos os casos, sexan espacios euclidianos ou métricos, óptase pola linguaxe e o tratamento más universal, preferindo, como norma, os métodos topolóxicos aos estrictamente métricos.

Inclúese, ao final, un apéndice no que se fai a construción do corpo \mathbb{R} dos números reais, seguindo o método de Cantor. Xa que boa parte dos contidos deste libro e de toda a matemática baséanse na existencia e propiedades deste obxecto e que a súa construción non adoita encontrar espacio nos programas de licenciatura, ofrécese aquí, sen demorar moito nos detalles.

Dous criterios influíron especialmente na selección dos temas expostos e na súa extensión. Dunha parte, a vontade de incluír resultados significativos, respostas interesantes ás cuestións suscitadas, mesmo se rebordan o nivel elemental do manual. Así, estúdiase un resultado profundo de extensión de aplicacións, inclúese un teorema moi xeral de metrizabilidade, caracterízase a compacidade en espacios de funcións, constrúese un mergullo dunha variedade compacta nun espacio eucliano, ... Doutra parte, procurouse un tratamento extenso dos exemplos de principal interese matemático, sexan superficies, presentadas como espacios cociente de rexións planas, sexan o espacio de Banach de funcións reais limitadas ou o espacio de Hilbert, como exemplos más salientábeis de espacios métricos diferentes dos euclidianos.

A lo largo do libro búscase conciliar concisión, seleccionando os enunciados fundamentais e fuxindo de interminábeis explicacións demostrativas, e ilustración da orixe e do porqué dos principais conceptos e resultados. Procúrase, asemade, espertar o interese do lector, comentando resultados más complexos e abrindo perspectivas de continuación. E adícase unha boa parte do espacio, consonte o criterio pedagógico do autor, á descripción dun grande número de exemplos, ate o punto de que ben se podería presentar como un libro de exercicios resoltos.

Non poden rematar estas verbas iniciais sen facer referencia aos tres factores que propiciaron a elaboración deste libro. O primeiro, a motivación imprescindible, a estimulante comunicación con tantos e tantas estudiantes que, coa súa acollida e atención, transmutaban esforzo en maxisterio. Outra causa, ben más prosaica, foi a chegada ao despacho do autor dos medios informáticos, que permitiron ir acumulando e ordenando o material docente xerado na actividade cotián. A terceira remite ao ámbito familiar, as moitas horas de traballo necesariamente de baixa intensidade, obrigado por cueiros e biberóns, que terán deixado algún selo inapreciábel por entre os formalismos destas páxinas.

Cada relectura do texto levou a cambios, non sempre menores, e corrección de errores e erratas. Ponse punto aquí, non fora que este proceso de revisión diverxa.

Compostela, Xuño de 1999

Índice Xeral

Limiar	v
1 Preliminares	1
1.1 Conxuntos	1
Familias de conxuntos	4
Producto cartesiano de conxuntos	6
1.2 Funcións	6
1.3 Relacións de equivalencia	10
Conxunto cociente	12
Factorización dunha aplicación	13
1.4 Conxuntos enumerábeis	14
O cardinal de \mathbb{R}	21
1.5 Potencia cartesiana infinita	21
Exercicios	23
2 Os espacios euclidianos	25
2.1 Norma euclidiana e distancia	25
2.2 Bolas e relacións métricas	31
2.3 Conxuntos abertos e pechados	33
Espacios e subespacios	34
Exercicios	40
3 Converxencia	41
3.1 Sucesións	41
3.2 Converxencia e topoloxía	43
3.3 Sucesións de Cauchy	45
3.4 A completitude de \mathbb{R} e de \mathbb{R}^p	47
Teorema de Bolzano-Weierstrass	50
Exercicios	52
4 Continuidade	53
4.1 Funcións continuas	53
Continuidade uniforme	56
4.2 Continuidade secuencial	60

4.3 Restricción e extensión de funcións	64
Conxuntos densos	67
4.4 Homeomorfismos	69
Exercicios	71
5 Compacidade e conexidade	73
5.1 Condición de Borel-Lebesgue. Teorema de Heine-Borel	73
5.2 Outras caracterizacións da compacidade	76
5.3 Compacidade e continuidade	78
Continuidade uniforme	79
5.4 Conexidade	80
5.5 Conxuntos compactos e conexos	85
Exercicios	86
6 Espacios métricos	87
6.1 Métrica nun conxunto	87
Espaces vectoriais normados	90
Bolas e relacóns métricas	94
6.2 Isometrías	98
6.3 Isometrías do espacio euclidianu	101
Exercicios	103
7 Espacios topolóxicos	105
7.1 Topoloxía	105
Topoloxía relativa: subespacios	108
7.2 Base dunha topoloxía	108
7.3 Veciñanzas e base local	112
7.4 Conxuntos nun espacio	114
7.5 Comparación de topoloxías	119
Métricas topoloxicamente equivalentes	120
Exercicios	122
8 Metrizabilidade e numerabilidade	125
8.1 Metrizabilidade e axioma de separación de Hausdorff	125
8.2 Primeiro enumerabilidade e converxencia	126
8.3 Segundo enumerabilidade e espacios separábeis	130
Exercicios	136
9 Funcións continuas	137
9.1 Funcións continuas	137
Continuidade secuencial	142
9.2 Continuidade en espacios métricos	143
A continuidade das aplicacións lineares	145
9.3 Homeomorfismos e propiedades topolóxicas	147
Exercicios	153

10 Espacios suma, producto e cociente	155
10.1 Topoloxías inducidas	155
10.2 Suma topolóxica	157
10.3 Producto topolóxico	159
10.4 Espacios cociente	164
10.5 Superficies	169
Orientabilidade	176
Exercicios	178
11 Compacidade	181
11.1 Espacios compactos	181
11.2 Espacios compactos Hausdorff	184
11.3 Compacidade e productos	186
11.4 A propiedade de intersección finita	187
11.5 Compacidade local e compactificación	190
Compactificación de Aleksandroff	192
Exercicios	193
12 Conexidade	195
12.1 Conexidade e componentes conexas	195
12.2 Conexidade por camiños	200
12.3 Conexidade local	204
Exercicios	207
13 Compleción	209
13.1 Espacios métricos completos	209
13.2 O espacio de Banach $\mathcal{B}(X, \mathbb{R})$	212
13.3 O espacio de Hilbert ℓ^2	215
13.4 Teorema do punto fixo de Banach	218
13.5 Teorema de Baire	219
13.6 Completamento dun espacio métrico	223
Exercicios	227
14 Compacidade en espacios métricos	229
14.1 Espacios totalmente limitados	229
14.2 Espacios métricos compactos	231
O cubo de Hilbert	232
14.3 Equicontinuidade	235
Exercicios	236
15 Espacios normais	237
15.1 O problema de extensión. Retractos	237
15.2 Espacios normais	239
15.3 Lema de Urysohn	242
15.4 Teorema de extensión de Tietze	245
15.5 Teorema de metrizabilidade de Urysohn	248

15.6 Variedades e particións da unidade	250
Exercicios	254
Apéndice:	
A construcción de \mathbb{R}	255
Bibliografía	259
Índice de notacións	261
Índice alfabético	264



Este manual abrangue os coñecementos fundamentais da topoloxía conxuntista elemental, cubrindo as necesidades da análise matemática, da xeometría e da topoloxía alxébrica. A selección dos temas expostos e a súa extensión responden á vontade de achegar resultados significativos, respuestas interesantes ás cuestións suscitadas, mesmo se rebordan o nivel elemental do manual, o que converte este libro ademais nunha obra de referencia e consulta. Deste xeito, estudiase un resultado profundo de extensión de aplicacións, inclúese un teorema moi xeral de metrizabilidade, constrúese un mergullo dunha variedade compacta nun espacio euclíadiano... Na concepción do manual foi tamén determinante o afán de adicar preferente atención aos obxectos de principal interese matemático, sexan espacios euclidianos, aos que se dá un tratamento independente, sexan superficies, presentadas como espacios cociente de rexións planas, sexan o espacio de Banach de funcións reais limitadas ou o espacio de Hilbert de sucesións de cadrado sumábel, como exemplos máis salientábeis de espacios métricos diferentes dos euclidianos. O texto complementárase cunha ampla colección de exemplos e exercicios detalladamente resoltos.

M A N U A I S
UNIVERSITARIOS

